

NOTA DE PRENSA 019/23
06 DE MAIO DE 2023

**IVÁN PICALLO, VENCEDOR DO SLALOM DE GUITIRIZ, SEGUNDA DATA
PUNTUABLE PARA O GALEGO DA ESPECIALIDADE**

Iván Picallo foi o gañador do Slalom de Guitiriz, segunda cita puntuable para o autonómico da especialidade.

Picallo, un dos favoritos para facerse con título, non deu calquera tipo de opción aos seus rivais, marcando o mellor crono en todas as mangas da xornada, incluídas as dúas oficiais.

A cita, organizada por Scratch Fene, contou con numeroso público, que a pesar da aparición da choiva nalgúns momentos, non quixo perderse a carreira, nun trazado técnico e perfectamente sinalizado.

Na segunda posición da xeral, o vencedor da carreira inaugural disputada en Monterroso, Manuel Trevín. O do BMW situouse a algo máis de dous segundos de Picallo.

Completou o podio David Santos, que aos mandos dun Citroën Saxo, quedouse a algo menos de catro segundos do gañador.

A continuación, en cuarto e quinto lugar, Aarón Rodríguez e Aitor Fornos, ambos a menos de un segundo dos postos de honra.

Na modalidade de iniciación, o mellor clasificado foi Rubén Gandoy no Peugeot 206, seguido de Miguel Ángel García Cela, namentres que en debutantes o primeiro foi Luis Toimil, con Renault Clio 1,2.

A seguinte proba puntuable para o Campionato Galego de Slalom será en As Pontes, o 3 de xuño.